

SOLEDAD GARCÍA PRESENTA EN VIGO DÚAS OBRAS CARGADAS DE EMOCIÓN, CONCIENCIA E DEFENSA ANIMAL

Por Redacción - 25/06/2025



Soledad García

A autora de O Herbario do Solsticio de Verán, dos paseos literarios de Nigrán, Baiona e Gondomar, do premiado Paseo polo Nadal de Vigo e de URCO unha historia reciclada, presenta o mércores 2 de xullo, ás 12:30 h, na Feira do Libro de Vigo — Stand de Espazo Nobel Lector — a súa 16ª obra "SON XENA. Adóptasme?"

SON XENA é un libro con dobre lectura en formato audiolibro pensado para achegar ao público infantil e familiar á realidade das colonias felinas. Narrada en primeira persoa por unha gata feral, Xena convida a quen le ou escoita a poñerse no seu lugar: vivir na rúa, confiar, sobrevivir... e soñar cun fogar.

"Con este libro quero poñer voz aos gatos ferais, recoñecer o traballo das persoas que coidan as colonias e visibilizar o programa CES (Captura, Esterilización e Solta). Como era o meu libro número dezaseis, quería facer algo especial, así que na última páxina agarda unha sorpresa en formato QR que completa esta experiencia inclusiva para ler, escoitar, cantar... e descubrir algo máis", explica a escritora.

Soledad García tamén presentará en Vigo, o venres 4 de xullo, no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) *"URCO, unha historia reciclada"*, o libro que conxuga adopción canina, reciclaxe e conciencia ambiental. A actividade é gratuíta e as inscricións comezan este mércores 25 de xuño a partir das 11:00 horas, a través do correo electrónico: recepcion@marcovigo.com.

No ano 2025, a escritora nigranesa foi recoñecida con diversos premios e mencións en narrativa e poesía, como o VIII Certame Avelino Díaz, o Concurso Literario As cousas de Castelao, o Certame Manuel-Oreste Rodríguez López, o Proxecto Faro da Escola ou o Certame Ollo con Nigrán. As súas creacións destacan polo enfoque educativo, artístico e emocional, sempre comprometido coa defensa dos dereitos dos máis vulnerables, sexan persoas ou animais.

